

BOLSA DE TRABAJO – MONITOR/A DE PÁDEL

FINALIDADE:

O Concello do Grove precisa crear, por razón de urxencia e co fin de non perturbar o bo funcionamento dos servizos municipais, unha bolsa de traballo para a contratación con carácter temporal de monitoras ou monitores/as deportivos/as de pádel en réxime de contratación laboral temporal co fin de cubrir as necesidades que vaian sucedendo en tanto non se aprrobe unha nova bolsa ou ata que se estime necesario o mantemento desta. A presente resolución da Alcaldía poderá ser obxecto de prórroga.

CARACTERÍSTICAS DO PROCESO

CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES:

- a) Ser español ou ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (Real decreto legislativo 5/2015, 30 de outubro).
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír o título de monitor/a relacionado coa especialidade deportiva de pádel.
- d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das función públicas.
- f) Ter dispoñibilidade de vehículo para desprazarse.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Rexistro no edificio administrativo do Concello do Grove, en horario de 9.00 a 14.00 horas.

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR:

- a) Instancia debidamente cuberta en todos os seus apartados, conforme o anexo II da convocatoria.
- b) Fotocopia compulsada do DNI.
- c) Fotocopia compulsada do título de monitor(a)/adestrador(a) da especialidade deportiva de pádel.
- d) De ser o caso, fotocopias compulsadas da documentación acreditativa dos criterios cuantificables alegados (segundo o anexo I).

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais desde o día seguinte á publicación da presente convocatoria na web municipal (www.concellodogrove.es) e no *Boletín Oficial da Provincia* de Pontevedra.

SELECCIÓN:

De acordo co establecido nas bases da convocatoria.

BASES QUE HAN DE REXER A CREACIÓN E CONVOCATORIA DUNHA BOLSA DO TRABALLO DE MONITORES/AS DEPORTIVOS/AS DO CONCELLO DO GROVE EN RÉXIME DE CONTRATACIÓN LABORAL DE CARÁCTER TEMPORAL E A TEMPO PARCIAL

OBXECTO DA CONVOCATORIA

O Concello do Grove precisa crear, por razón de urxencia e co fin de non perturbar o bo funcionamento dos servizos municipais, unha bolsa de traballo para a contratación con carácter temporal de monitores/as deportivos/as de pádel en réxime de contratación laboral temporal e co fin de cubrir as necesidades que vaian sucedendo en tanto non se aprobe unha nova bolsa ou ata que se estime necesario o mantemento desta. A presente resolución da Alcaldía poderá ser obxecto de prórroga.

Os postos para cubrir son os seguintes:

- Monitores/as de pádel

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA

A convocatoria e as sucesivas publicacións realizaranse no Taboleiro de anuncios do Concello do Grove e no portal web municipal (www.concellodogrove.es).

REQUISITOS:

- a) Ser español ou ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro).
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de monitor/a relacionado coa especialidade deportiva de pádel.
- d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- f) Ter dispoñibilidade de vehículo para desprazarse.

SOLICITUDES

Forma

As solicitudes para tomar parte desta convocatoria, na que as persoas aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. alcalde do Concello do Grove e presentaranse, segundo o modelo normalizado que se incorpora no anexo II, no Rexistro municipal deste concello en horario de 9.00 a 14.00 horas.

Prazo

O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais desde o día seguinte á publicación da presente convocatoria na web municipal (www.concellodogrove.es) e no *Boletín Oficial da Provincia* de Pontevedra.

Documentación

- a) Instancia debidamente cumprimentada en todos os seus apartados, conforme o anexo II da convocatoria.
- b) Fotocopia compulsada do DNI
- c) Fotocopia compulsada do título de monitor(a)/adestrador(a) da especialidade deportiva de pádel.
- d) De ser o caso, fotocopias compulsadas da documentación acreditativa dos criterios cuantificables alegados (segundo o anexo I).

Admisión de aspirantes

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditara unha resolución no prazo máximo de dous (2) días na que declarará aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. Na dita resolución, que se publicará no Taboleiro de anuncios, concederá un prazo de dous (2) días hábiles para a corrección de posibles erros.

Transcorrido o prazo de corrección, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes excluídos e admitidos, que se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello. Na mesma publicación farase constar a composición do tribunal, así como a data e a hora para a valoración do concurso.

A expresada resolución expoñerá ao público no Taboleiro de anuncios do Concello; esta exposición será determinante para o comezo dos prazos para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

Tribunal cualificador

De conformidade co disposto nos artigos 60 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 11 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, a composición do tribunal será a seguinte:

- Presidente: o interventor xeral do Concello.
- Secretario: a secretaria xeral do Concello, ou funcionario en quen delegue, quen actuará con voz e voto.
- Vogais: tres funcionarios do Concello do Grove.

Asistirá, como persoal técnico, Carla Casal Outón. Con voz, pero sen voto.

O presidente do tribunal poderá acordar a incorporación de asesores para todas ou algunhas das probas, cuxa función se limitará a asesorar o tribunal naquilo para o que foron nomeados, sen que poidan intervir directamente na cualificación das probas.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á Presidencia da corporación, cando concorran en eles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando ao seu xuízo concorran neles algunhas das circunstancias previstas no parágrafo anterior, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 40/2015.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade do seus integrantes, titulares ou suplentes, de modo indistinto, e estará facultado para resolver as cuestións que puidesen suscitarse durante o desenvolvemento do proceso selectivo e adoptar os acordos necesarios para a debida orde deste en todo o que non está previsto nestas bases.

Procedemento de selección

Sistema de selección. O procedemento de selección das persoas aspirantes realizarase a través do concurso sumando as cualificacións obtidas mediante a aplicación dos criterios sinalados no anexo I desta convocatoria.

Cualificación. O tribunal procederá a valorar os criterios conforme o baremo recollido no anexo I da presente convocatoria.

Proposta do tribunal cualificador

Rematada a cualificación das persoas aspirantes, o tribunal fará público no Taboleiro de anuncios do Concello a proposta de persoas aspirantes admitidas que formarán parte da bolsa de traballo por orde de puntuación, segundo as categorías convocadas, elevándose para a súa aprobación pola Alcaldía.

Nomeamento

A Alcaldía ditará unha resolución que aprobe a proposta formulada polo tribunal cualificador no prazo máximo de dous (2) días desde que o tribunal eleve a proposta.

Funcionamento da bolsa

As persoas candidatas serán chamadas por estrita orde de puntuación, utilizando os medios facilitados na súa instancia pola seguinte orde: teléfono fixo, teléfono móbil, correo electrónico. No caso de non obter resposta nun prazo de 24 horas desde a utilización do último medio de comunicación, entenderase que desisten do posto, e contactarase coa seguinte persoa da listaxe, e así sucesivamente ata cubrir as necesidades do servizo.

A renuncia ao posto ofertado suporá a exclusión da persoa aspirante da bolsa de traballo, salvo que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- b) Enfermidade que ocasione situación de incapacidade laboral transitoria.

A bolsa de traballo constituída terá vixencia inicial para cubrir as necesidades de servizo deportivo durante 6 meses, se ben, en todo caso, permanecerá en vigor ata ser substituída pola bolsa de traballo que se formase con motivo dunha nova convocatoria.

Impugnacións

A convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas e da actuación do tribunal cualificador poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na

forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CRITERIOS CUANTIFICABLES

I. TITULACIÓN ACADÉMICA XERAL, ATA UN MÁXIMO DE 2 PUNTOS

| TITULACIÓN | PUNTUACIÓN |
|--|------------|
| LICENCIADO OU GRAO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE | 2,0 PUNTOS |
| TAFAD (Técnico Superior en Animación de Actividades Físico Deportivas) | 1,5 PUNTOS |
| MESTRE (DIPL. MAXISTERIO) ESPECIALISTA EN EDUCACIÓN FÍSICA | 1,0 PUNTOS |

II. MÉRITOS ESPECÍFICOS PÁDEL

| TITULACIÓN, ata un máximo de 4 puntos | PUNTUACIÓN |
|---|-------------|
| Título expedido pola FEP, RPP, RFP ou Federación Territorial, Nivel III | 4,00 PUNTOS |
| Título expedido pola FEP, RPP, RFP ou Federación Territorial, Nivel II | 3,00 PUNTOS |
| Título expedido pola FEP, RPP, RFP ou Federación Territorial, Nivel I | 2,00 PUNTOS |

*FEP- Federación Española de Pádel

*RPP- Rexistro Profesional de Pádel

*RFP- Rexistro de Formación Profesional para o Pádel

| EXPERIENCIA PROFESIONAL, ata un máximo de 1 punto | PUNTUACIÓN |
|---|-------------------------|
| Ter sido contratado como monitor(a)/adestrador(a) de pádel en escolas deportivas municipais | 0,50 por curso completo |
| Ter pertencido ou ter participado en escolas deportivas municipais ou clubs privados como monitor(a)/adestrador(a) de pádel | 0,25 por curso completo |

III. OUTROS CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO, ATA UN MÁXIMO DE 1,5 PUNTOS

| DURACIÓN DO CURSO | PUNTUACIÓN |
|---------------------|-------------|
| Máis de 80 horas | 1,00 puntos |
| Entre 40 e 80 horas | 0,75 puntos |
| Entre 20 e 40 horas | 0,50 puntos |
| Menos de 20 horas | 0,20 puntos |

Os cursos deberán estar directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada.

Os cursos nos que consten as horas lectivas valoraranse cunha puntuación mínima de 0,10 puntos por curso, cun total acumulado de 0,20 puntos.

XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL

- Titulacións.** As titulacións deberán acreditarse mediante fotocopia do título oficial compulsado polos servizos administrativos do Concello.
- Experiencia profesional.** A experiencia profesional prestada nas administracións públicas e /ou empresas privadas acreditaranse mediante unha certificación expedida polo órgano competente ou mediante contratos de traballo onde figure o posto desempeñado.
- Cursos.** Os cursos deberán acreditarse mediante fotocopia compulsada polos servizos administrativos do Concello.



Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, non se admitirá ningunha documentación xustificativa dos criterios cuantificables. As correspondentes cualificacións faranse con base nos xustificantes que presentasen as persoas interesados ata ese momento.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

D./D.^a _____, con DNI _____
e domicilio en _____, teléfono fixo e móbil
_____/_____, e-mail _____

EXPOÑO:

Que informado/a da convocatoria pública efectuada polo Concello do Grove para a **constitución dunha bolsa de traballo de monitores deportivos**, na especialidade de pádel, **mediante selección polo procedemento de concurso como persoal laboral temporal**.

Que estimo reunir todos e cada un dos requisitos na antedita convocatoria e, polo tanto, manifesto o meu desexo de participar neste concurso, aceptando integramente o contido das ditas bases e comprometéndome ao cumprimento estrito destas.

Acompaño:

- Fotocopia compulsada do DNI
- Fotocopia compulsada do título de monitor da especialidade de pádel
- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos criterios cuantificables alegados (segundo o anexo I)

Declaro baixo xuramento que non estou incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade para asinar un contrato laboral co Concello do Grove, así como que non padezo ningunha enfermidade nin defecto físico que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións asignadas ao posto de traballo en cuestión.

Con base en canto antecede, SOLICITO:

Ser admitido/a á presente convocatoria.

O Grove, _____ de _____ de 2018

(Sinatura)

ALCALDE DO CONCELLO DO GROVE